

Estrutura do comercio.
Ano 2002

Santiago de Compostela, 2005

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro
San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981-541589 (de 9 a 14 horas)
Fax: 981-541323
e-mail: ige@xunta.es
<http://www.ige.xunta.es>

Elaboración

Instituto Galego de Estatística

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Facenda

Colección

Área de estadísticas económicas

Dep. legal

Deseño da portada

Imago Mundi

Tiraxe

Exemplares

Imprime

O Instituto Galego de Estatística presenta a actividade estatística *Estrutura do comercio. Ano 2002*.

Esta actividade, incluída no Plan Galego de Estatística 2002-2006, ten como obxectivo investigar as características básicas das empresas e unidades locais (establecementos) de comercio polo miúdo situados en Galicia.

Con este obxectivo preténdese poñer á disposición dos distintos axentes sociais implicados un conxunto de indicadores que permitan realizar análises acerca da estrutura produtiva e da especialización do comercio na comunidade galega e que, ademais, sexan útiles para a toma de decisións.

A actividade de comercio polo miúdo ten un destacado papel dentro da realidade económica galega que motiva que cada vez exista unha maior demanda de información para o seu coñecemento. Segundo o *Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2002*, operación elaborada polo IGE, constituía a actividade máis numerosa da estrutura empresarial galega agrupando, o 1 de xaneiro do ano 2002, o 21% das empresas e o 23% dos establecementos totais de Galicia. Ademais, e segundo os datos da actividade tamén desenvolvida polo IGE *Contas económicas de Galicia. Base 2000. Serie 1995-2002*, no ano 2002 o comercio polo miúdo representaba o 5,4% do VEB galego e o 9,1% do emprego total de Galicia.

En termos da *CNAE-93 Rev.1*, o comercio polo miúdo recóllese dentro da sección G

na división 52. *Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos*. Así, nesta división estarían comprendidas as unidades de venda, sen transformación, de produtos novos e usados destinados ao público en xeral para o consumo ou uso persoal ou doméstico en tendas, grandes almacéns, venda ambulante, etc. Ademais, tamén estarían incluídas as unidades de reparación e instalación de artigos persoais ou domésticos. Non obstante, quedan excluídas a venda de vehículos de motor, motocicletas e os seus compoñentes, a venda de carburantes para estes, así como a venda de cereais, sementes e máquinas e equipos industriais.

Dado que unha das variables principais do estudo que se presenta é a superficie dos establecementos, exclúuse do ámbito analizado o comercio polo miúdo non realizado nun establecemento, grupo 526 *Comercio polo miúdo non realizado en establecementos da CNAE-93 Rev.1*.

Para a súa elaboración, os datos proceden dunha explotación do citado *Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2002* e están referidos ás empresas que na data de referencia, o 1 de xaneiro de 2002, dispoñían dalgún establecemento dedicado á actividade de comercio polo miúdo no territorio galego, independentemente de que a localización da sede social da empresa estivera en Galicia ou fóra de Galicia. Isto é, con actividade principal clasificada na división 52, agás no grupo 526.

As variables analizadas de cara a cumprir cos obxectivos desta actividade son o número de establecementos e o número de empresas asociadas, a superficie total e a superficie de venda; ademais, tamén se facilitan unha serie de indicadores que, construídos en forma de ratios, permiten profundar na análise da estrutura e da especialización do comercio polo miúdo na economía galega. A información elaborada dáse desagregada por territorio e por actividade económica. Xeograficamente obtense información das comarcas e concellos galegos; e por actividade principal a nivel de grupo da CNAE-93. Rev.1.

Establecemento ou unidade local:

empresa ou parte dunha empresa situada nun lugar delimitado topograficamente, no que se realizan unha ou varias actividades económicas ás que dedican o seu traballo unha ou varias persoas por conta dunha mesma empresa. Non se contabilizan os almacéns por non consideralos como unidades produtoras de bens e servizos.

Superficie total: a comprendida dentro do polígono do local, expresada en metros cadrados e, se é o caso, pola suma de todas as súas plantas.

Superficie de venda: aquela superficie que é accesible ao público e onde se efectúan operacións de venda, incluíndo escaparates, vitrinas, estantes e corredores de circulación dentro do establecemento.

Densidade comercial: número de establecementos que existen por cada 1.000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2002).

Número de establecementos por km²: cociente entre o número de establecementos e os quilómetros cadrados da área.

Superficie de venda por habitante: número de metros cadrados de superficie de venda que existe por cada habitante (*Padrón municipal de habitantes 2002*).

Superficie de venda media: cociente entre a superficie de venda total e o número de establecementos.

Taxa superficie comercial: porcentaxe da superficie total dedicada a comercio polo miúdo sobre a superficie total do conxunto de actividades económicas.

Neste folleto preséntanse, nun formato de táboas, mapas e gráficos comentados, os principais resultados desta actividade. Para consultar os resultados máis detallados, pode acceder á páxina web do IGE, onde tamén se atopa a metodoloxía completa da actividade, ou ben consultar o cd-rom que se xunta a este folleto.

Neste cd-rom, ademais, atopará unha serie de mapas nos que se reflicte a distribución territorial por concellos do número de establecementos dedicados á actividade de comercio polo miúdo.

39.661 establecementos de comercio polo miúdo en Galicia

Con data do 1 de xaneiro de 2002 o número establecementos situados en Galicia con actividade principal o comercio polo miúdo ascendía a 39.661, vinculados estes a 33.947 empresas que poden ter como actividade principal comercio polo miúdo ou outra distinta. En comparanza cos datos dun ano antes, hai 1.764 establecementos menos, o que en termos relativos significa unha taxa de variación do -4,3%. O número de empresas asociadas cae nunha contía similar (-4,8%).

A superficie de venda total destinada a comercio polo miúdo na comunidade galega nesa data era de 3,5 millóns de metros cadrados, un 2,0% superior á do ano 2001. Como resultado, a superficie de venda por establecemento era de 88 metros cadrados, cinco metros máis que no ano 2001, o que dá unha taxa de variación anual do 6,1%.

En consecuencia, con data do 1 de xaneiro de 2002 existían en Galicia 14,5 establecementos por cada 1.000 habitantes (densidade comercial) e 1,3 establecementos por cada quilómetro cadrado de superficie territorial galega; valores que diminúen con respecto ao ano 2001 nunha contía similar á experimentada polo número de establecementos. Ademais, a superficie media de venda por habitante era de 1,3 metros cadrados, un 2,0% máis elevada que un ano antes.

Da superficie total destes establecementos (4,8 millóns de metros cadrados), o 73,4% estaba destinado a superficie de venda, o resto tiña como destino almacén, oficinas, aparcadoiro, etc. Dato de superficie total que representa o 8,9% da superficie total do conxunto de empresas de Galicia, calquera que sexa a súa actividade económica (taxa de superficie comercial).


Datos xerais. 1 de xaneiro de 2002. Galicia

| | Dato | Variación 2002/2001 (%) |
|--|--------|-------------------------|
| Número empresas | 33.947 | -4,8 |
| Número establecementos | 39.661 | -4,3 |
| Superficie venda (miles m ²) | 3.491 | 2,0 |
| Superficie total comercio (miles m ²) | 4.758 | 4,1 |
| Densidade comercial | 14,49 | -4,4 |
| Número establecementos por km ² | 1,34 | -4,2 |
| Superficie venda por habitante (m ²) | 1,28 | 2,0 |
| Superficie venda media (m ²) | 88,03 | 6,1 |
| Taxa superficie comercial | 8,88% | -7,9 |
| Superficie venda comercio/ superficie total comercio | 73,38% | -2,0 |

Fonte: IGE. Estrutura do comercio

O maior número de establecementos comerciais concentrábase no que se pode chamar comercio especializado non alimentario (grupos 523, 524, 525 e 527 da CNAE-93 Rev.1); aí estarían incluídos o 64,9% dos establecementos do ámbito estudado, debido fundamentalmente ao grupo 524 que representaba o 57% do total, grupo no que estarían comprendidos os establecementos dedicados á venda de téxtiles, calzado, mobles, libros, artigos de deporte, electrodomésticos, ferraxería, etc. No comercio especializado en alimentación estarían o 17,3% e no comercio non especializado (venda de máis de cinco

tipos de produtos e ningún deles con facturación superior ao 50%) o 17,7%.



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Agás no comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, médicos, de beleza e hixiene, onde se produciu un lixeiro incremento no número de establecementos (1,0%), no resto de grupos houbo unha diminución con respecto ao ano 2001.


Establecementos por grupo de actividade. 1 de xaneiro de 2002. Galicia

| Grupo actividade (CNAE-93 Rev.1) | Número | Variación 2002/2001 (%) |
|---|---------------|-------------------------|
| 521: Comercio polo miúdo en establecementos non especializados | 7.036 | -6,6 |
| 522: Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados | 6.874 | -6,0 |
| 523: Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene | 2.051 | 1,0 |
| 524: Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados | 22.611 | -3,5 |
| 525: Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos | 97 | -9,3 |
| 527: Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos | 992 | -0,9 |
| TOTAL | 39.661 | -4,3 |

Fonte: IGE. Estrutura do comercio

No referente á superficie de venda media, existen grandes diferenzas entre actividades. Os establecementos non especializados, onde están incluídas as

grandes superficies non especializadas, serían os máis amplos acadando case 180 m². Pola contra, os establecementos especializados de alimentación, bebidas e tabaco serían os que menos superficie requiren, 29 m². En termos interanuais, o grupo dos establecementos non especializados foi o que máis incrementou a superficie de venda media (11,4%); en sentido oposto, o de venda de bens de segunda man foi o único que pasa a ter superficie de venda media inferior (-3,2%).



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Superficie de venda media por grupo de actividade. 1 de xaneiro de 2002. Galicia

| Grupo actividade (CNAE-93 Rev.1) | m ² | Variación 2002/2001 (%) |
|---|----------------|-------------------------|
| 521: Comercio polo miúdo en establecementos non especializados | 179,69 | 11,4 |
| 522: Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados | 29,16 | 4,2 |
| 523: Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene | 44,63 | 5,5 |
| 524: Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados | 83,44 | 4,8 |
| 525: Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos | 129,92 | -3,2 |
| 527: Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos | 35,99 | 2,3 |
| TOTAL | 88,03 | 6,1 |

Fonte: IGE. Estrutura do comercio


Da análise territorial dos datos obtense que as provincias da Coruña e Pontevedra, co 40,8% e o 34,2%, respectivamente, concentraban en 2002 a maior parte dos establecementos dedicados ao comercio polo miúdo de Galicia. Baixando ao ámbito comarcal, tal e como se reflicte no mapa que segue, son Vigo e A Coruña as que, con valores moi similares, concentran o 30% do total de establecementos.

Establecementos por provincia. 1 de xaneiro de 2002. Galicia

| Provincia | Número | Variación 2002/2001 (%) |
|--------------|---------------|-------------------------|
| A Coruña | 16.194 | -5,9 |
| Lugo | 5.056 | -5,3 |
| Ourense | 4.865 | -3,8 |
| Pontevedra | 13.546 | -2,0 |
| TOTAL | 39.661 | -4,3 |


Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Non obstante, a densidade comercial si é similar nas catro provincias, con cifras en torno a 14 e 15 establecementos por cada mil habitantes, co que se demostra a alta relación do número de establecementos coa poboación do ámbito xeográfico.




Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Os datos de superficie de venda por provincia e comarca seguen unha distribución similar á do número de establecementos, A Coruña representa o 41,8% e Pontevedra o 33,2%. No tocante á superficie de venda media por establecemento, era superior á media de Galicia (88,0 m²) nas provincias do norte, Lugo e A Coruña, e inferior nas dúas do sur, Ourense e Pontevedra.



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Os datos de superficie de venda media no ámbito comarcal recollidos no seguinte mapa ilustran esta caracterización sinalada do sur galego con menos metros cadrados de venda por establecemento que no norte. Destacan as comarcas de Sarria, Santiago e Lugo, con valores superiores a 100 m².




Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Na data do 1 de xaneiro de 2002 existían en Galicia 55 grandes superficies

Analízanse por separado as grandes superficies comerciais, xa que presentan unha serie de características que diferencian estes establecementos do resto.

Gran superficie: enténdese por tal todo establecemento de comercio polo miúdo que dispón dunha superficie de venda igual ou superior a 2.500 metros cadrados, independentemente de que sexa comercio especializado ou non especializado.

Con data do 1 de xaneiro de 2002, existían en Galicia 55 grandes superficies, 5 máis que un ano antes, o que significa un incremento do 10%. A provincia da Coruña, con 23 establecementos, era a que máis tiña, seguida de Pontevedra con 18, Lugo con 8 e Ourense con 6 establecementos. Ademais, como se pode ver no seguinte mapa, estaban localizados próximos aos grandes núcleos de poboación galegos.



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Este número de establecementos dá unha media de 49.770 habitantes por cada establecemento.

A superficie de venda total existente neste tipo de formato comercial ascendía, na data de referencia, a 539.359 metros cadrados, un 5,8% superior á do ano 2001, e que representa o 15,4% da superficie de venda total destinada a comercio polo miúdo na comunidade galega. En consecuencia, a superficie de venda media por establecemento era de 9.807 metros cadrados, valor que varía moito entre provincias; así, se na Coruña e Pontevedra é superior a 10.000 m², en Lugo e Ourense non chega aos 7.000 m².

Noutros termos, a superficie de venda por cada 1.000 habitantes era de 197 m², dez máis que no ano 2001. De novo aquí volve haber grandes diferenzas entre provincias, mentres na Coruña era de 249 m², en Ourense era de 114 m², aínda que acurtando distancias con respecto a un ano antes onde eran máis acusadas.

Grandes superficies. 1 de xaneiro de 2002. Galicia

| | Dato | Variación 2002/2001 (%) |
|--|---------|-------------------------|
| Número establecementos | 55 | 10,0 |
| Superficie venda (miles m ²) | 539.359 | 5,8 |
| Densidade comercial | 0,02 | 9,8 |
| Habitantes por establecementos | 49.770 | -8,9 |
| Superficie venda por 1.000 habitante (m ²) | 197,04 | 5,6 |
| Superficie venda media (m ²) | 9.807 | -3,8 |
| Superficie venda comercio grandes superficies/ superficie venda comercio | 15,45% | 3,7 |

Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Na provincia da Coruña estaba o 46,7% da superficie de venda de Galicia

A superficie de venda total destinada a comercio polo miúdo na provincia da Coruña na data do 1 de xaneiro de 2002 era de 1,5 millóns de metros cadrados. Superficie correspondente a 16.194 establecementos de actividade principal o comercio polo miúdo, vinculados estes a 13.761 empresas con actividade principal comercio polo miúdo ou outra distinta. Valores que se atopan ao redor do 40% dos valores galegos.

En comparanza cos datos dun ano antes, hai 1.015 establecementos menos, o que en termos relativos significa unha taxa de variación do -5,9%, e é a única provincia onde se produce unha caída no dato de superficie de venda (-3,6%).

A densidade comercial da Coruña nesa data era de 14,6 establecementos por cada 1.000 habitantes e, por cada quilómetro cadrado de superficie existían 2,0 establecementos; valores que diminúen con respecto ao ano 2001 nunha contía similar á experimentada polo número de establecementos.

A superficie de venda media por establecemento era de 90,1 metros cadrados e a superficie media de venda por habitante era de 1,3 metros cadrados.

Ademais, a superficie total destes establecementos era de 2,0 millóns de m², co que a porcentaxe destinada a superficie de venda sitúase no 72,8%.


O dato da taxa de superficie comercial da provincia, porcentaxe da superficie total de comercio sobre superficie total do conxunto de establecementos da provincia, era do 7,2%, a máis baixa de todas as provincias.

Datos xerais. 1 de xaneiro de 2002. A Coruña

| | Dato | % Galicia |
|--|--------|-----------|
| Número empresas | 13.761 | 40,5% |
| Número establecementos | 16.194 | 40,8% |
| Superficie venda (miles m ²) | 1.459 | 41,8% |
| Superficie total comercio (miles m ²) | 2.002 | 42,1% |
| Densidade comercial | 14,56 | - |
| Número establecementos por km ² | 2,04 | - |
| Superficie venda por habitante (m ²) | 1,31 | - |
| Superficie venda media (m ²) | 90,06 | - |
| Taxa superficie comercial | 7,21% | - |
| Superficie venda comercio/ superficie total comercio | 72,85% | - |

Fonte: IGE. Estructura do comercio


A distribución por actividades é similar á vista para Galicia. O maior número de establecementos comerciais da provincia concentrábase no comercio especializado non alimentario (66,4%), en particular o grupo 524 contén o 58,1% do total. No comercio especializado en alimentación estarían o 16,5% e no comercio non especializado o 17,1%.




Fonte: IGE. Estructura do comercio

O dato de superficie de venda media na provincia (90,1 m²) encobre valores moi distintos por actividades. Así, son os establecementos non especializados os que destinan, en media, máis superficie á venda, case 210 m² por establecemento; trinta metros cadrados máis que a media galega para este grupo. Na banda contraria están os establecementos do grupo 522, comercio especializado en alimentación, que tan só ocupaban unha superficie media por establecemento de 28,1 m².


Como consecuencia, a distribución da superficie de venda total da provincia varía con respecto á distribución do número de establecementos. Así, a porcentaxe da superficie destinada a comercio non especializado pasa a ser de máis do dobre (38,4%), mentres que a do comercio especializado alimentario redúcese á terceira parte (5,3%).



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

As comarcas da Coruña, Santiago e Ferrol concentran o 65,7% dos establecementos comerciais da provincia da Coruña e o 70,0% da súa superficie comercial. Nun nivel inferior, o dos concellos, hai que indicar que na Coruña e Santiago están localizados o 42,2% dos 16.194 establecementos da provincia.

Na provincia de Lugo estaba o 13,5% da superficie de venda de Galicia

O número de establecementos localizados na provincia de Lugo con actividade de comercio polo miúdo ascendía, na data de referencia do estudo, a 5.056; establecementos que estaban vinculados a 4.269 empresas. Volume que supón o 12,7% do total de establecementos que había en Galicia con esa actividade, porcentaxe algo superior á que representa esta provincia en termos de poboación (9,6%). Con respecto aos datos do ano 2001 hai 284 establecementos menos, un -5,3% en termos relativos.

Ademais, existían 472 mil metros cadrados destinados a superficie de venda no comercio polo miúdo, o 13,5% do total de Galicia, dato superior á cifra do ano 2001 nun 4,9% malia a caída no número de establecementos. Como resultado, na provincia de Lugo a superficie de venda media por establecemento era no ano 2002 de 93,3 metros cadrados, un 11,0% superior ao valor do ano 2001 e que a converte na provincia galega con maior superficie de venda media por establecemento.

Polo contrario, na data do 1 de xaneiro de 2002, Lugo era a provincia con menor densidade comercial de Galicia, 14,0 establecementos por cada 1.000 habitantes, ademais de con menos establecementos por cada quilómetro cadrado de superficie territorial (0,5).


A superficie total dos establecementos comerciais de Lugo, superficie de venda máis superficie destinada a almacén, oficinas, etc., era 667 mil metros cadrados, co que a porcentaxe destinada a superficie de venda se situaba no 70,7%. O dato da taxa de superficie comercial da provincia era do 8,0%.

Datos xerais. 1 de xaneiro de 2002. Lugo

| | Dato | % Galicia |
|--|--------|-----------|
| Número empresas | 4.269 | 12,6% |
| Número establecementos | 5.056 | 12,7% |
| Superficie venda (miles m ²) | 472 | 13,5% |
| Superficie total comercio (miles m ²) | 667 | 14,0% |
| Densidade comercial | 13,98 | - |
| Número establecementos por km ² | 0,51 | - |
| Superficie venda por habitante (m ²) | 1,30 | - |
| Superficie venda media (m ²) | 93,26 | - |
| Taxa superficie comercial | 8,09% | - |
| Superficie venda comercio/ superficie total comercio | 70,65% | - |

Fonte: IGE. Estructura do comercio


Cunha porcentaxe do 66,6%, o comercio especializado non alimentario concentraba a maioría dos establecementos de Lugo. No comercio especializado en alimentación estarían o 13,8% e no comercio non especializado o 19,6%.




Fonte: IGE. Estructura do comercio

No grupo 521 de comercio non especializado, a superficie de venda media por establecemento era a máis ampla, 153 m². Pola contra, o grupo de comercio especializado en alimentación, bebidas e tabaco (grupo 522), con 34,1 m², sería o que menos superficie ocupaba por establecemento. Cómpre sinalar que os establecementos de Lugo con actividade de comercio polo miúdo de bens de segunda man (grupo 525) tan só requiren 53,6 m² fronte aos 129,9 de media galega.


A distribución da superficie de venda total da provincia de Lugo segundo o grao de especialización dos establecementos era: 62,8% para comercio especializado non alimentario, o 32,1% para comercio non especializado e tan só o 5,0% para comercio especializado alimentario.



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Nas comarcas de Lugo, A Mariña Central e Terra de Lemos localizábanse o 57,3% dos establecementos comerciais da provincia; ademais, só na primeira delas había o 40,7% da superficie de venda da provincia de Lugo. No eido dos concellos, con 1.668 establecementos, Lugo representaba o 33,0% de establecementos da provincia e o 36,7% da superficie de venda.

Na provincia de Ourense estaba o 11,6% da superficie de venda de Galicia

Con data do 1 de xaneiro de 2002 o número de establecementos con actividade de comercio polo miúdo localizados na provincia de Ourense ascendía a 4.865; establecementos que estaban vinculados a 4.202 empresas. Polo tanto, Ourense era a provincia galega con menor volume de establecementos comerciais, o 12,3% do total galego. Con respecto aos datos do ano 2001, hai 190 establecementos menos, un -3,8% en termos relativos.

A superficie de venda total destinada a comercio polo miúdo nesta provincia ascendía a 404 mil metros cadrados, o 11,6% do total de Galicia, e superior á cifra do ano 2001 nun 11,3%, malia a caída no número de establecementos.

En consecuencia, a superficie de venda media por establecemento era no ano 2002 de 83,0 metros cadrados, a máis baixa de todas as provincias galegas; malia ser a que máis se incrementou en termos interanuais (15,3%). A densidade comercial de Ourense era de 14,2 establecementos por cada 1.000 habitantes; ademais, por cada quilómetro cadrado de superficie territorial de Ourense existían 0,7 establecementos.

A superficie total destes establecementos comerciais era 547 mil metros cadrados, co que a porcentaxe destinada a superficie de venda se situaba no 73,9%.


A porcentaxe que representa a superficie total destinada a comercio sobre a superficie total destinada ao conxunto de actividades (taxa de superficie comercial) de Ourense era do 15,8%, a máis alta de todas as provincias galegas.

Datos xerais. 1 de xaneiro de 2002. Ourense

| | Dato | % Galicia |
|--|--------|-----------|
| Número empresas | 4.202 | 12,4% |
| Número establecementos | 4.865 | 12,3% |
| Superficie venda (miles m ²) | 404 | 11,6% |
| Superficie total comercio (miles m ²) | 547 | 11,5% |
| Densidade comercial | 14,15 | - |
| Número establecementos por km ² | 0,67 | - |
| Superficie venda por habitante (m ²) | 1,17 | - |
| Superficie venda media (m ²) | 82,98 | - |
| Taxa superficie comercial | 15,78% | - |
| Superficie venda comercio/ superficie total comercio | 73,86% | - |

Fonte: IGE. Estructura do comercio


O maior número de establecementos da provincia concentrábase no comercio especializado non alimentario (64,9%), en particular o grupo 524 contiña o 57,4% do total. Os establecementos de comercio especializado en alimentación representaban o 15,5% e os de comercio non especializado o 19,6%.




Fonte: IGE. Estructura do comercio

Con 141,2 metros cadrados de superficie de venda media por establecemento, o grupo do comercio non especializado era o máis amplo, aínda que era o de menor superficie das catro provincias galegas. Pola contra, os establecementos do grupo de reparación de efectos persoais e utensilios domésticos (527) serían, con 30,4 metros cadrados, os de menor superficie de venda media.


Ademais, a distribución da superficie de venda total da provincia de Ourense, segundo o grao de especialización dos establecementos comerciais, era: 61,0% destinada a comercio especializado non alimentario, o 33,3% para comercio non especializado e o 5,7% restante para comercio especializado en produtos de alimentación.



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Na data de referencia existía unha alta concentración territorial dos establecementos comerciais da provincia de Ourense. A metade dos seus establecementos, así como da súa superficie de venda, estaban localizados na comarca de Ourense. Ademais, no ámbito dos concellos, só o de Ourense concentraba o 45,6% do total da provincia.

Na provincia da Pontevedra estaba o 33,2% da superficie de venda de Galicia

Na provincia de Pontevedra, a superficie de venda total destinada a comercio polo miúdo, na data do 1 de xaneiro de 2002, era de 1,2 millóns de metros cadrados. Superficie correspondente a 13.546 establecementos comerciais, estando vinculados estes a 11.715 empresas con actividade principal comercio polo miúdo ou outra distinta. Valores que se atopan ao redor do 33% das cifras galegas.

En comparanza cos datos dun ano antes, hai 275 establecementos menos, o que en termos relativos significa unha taxa de variación do -2,0%; porén, a taxa interanual da superficie de venda é positiva (5,4%).

A densidade comercial de Pontevedra era de 14,7 establecementos por cada 1.000 habitantes e, por cada quilómetro cadrado de superficie territorial existían 3,0 establecementos. Valores os dous que, malia diminuíren con respecto ao ano 2001 nunha contía similar á experimentada polo número de establecementos, son os máis altos de Galicia.

A superficie de venda media por establecemento era de 85,5 metros cadrados e a superficie media de venda por habitante era de 1,3 metros cadrados.

O dato de superficie total destes establecementos era de 1,5 millóns de m², co que a porcentaxe destinada a superficie de venda se situaba no 75,1%.


A taxa de superficie comercial da provincia, porcentaxe da superficie total dedicada a comercio sobre a superficie total do conxunto de establecementos da provincia, era do 10,9%.

Datos xerais. 1 de xaneiro de 2002. Pontevedra

| | Dato | % Galicia |
|--|--------|-----------|
| Número empresas | 11.715 | 34,5% |
| Número establecementos | 13.546 | 34,2% |
| Superficie venda (miles m ²) | 1.158 | 33,2% |
| Superficie total comercio (miles m ²) | 1.542 | 32,4% |
| Densidade comercial | 14,72 | - |
| Número establecementos por km ² | 3,01 | - |
| Superficie venda por habitante (m ²) | 1,26 | - |
| Superficie venda media (m ²) | 85,46 | - |
| Taxa superficie comercial | 10,90% | - |
| Superficie venda comercio/ superficie total comercio | 75,09% | - |

Fonte: IGE. Estrutura do comercio


Ao igual que no resto das provincias, o maior número de establecementos comerciais de Pontevedra concentrábase no comercio especializado non alimentario (62,5%), en particular o grupo 524 contén o 55,1% do total. No comercio especializado en alimentación estarían o 19,6% e no comercio non especializado o 17,9%.




Fonte: IGE. Estrutura do comercio

Pontevedra é a única provincia onde a superficie de venda media máis alta se atopaba nun grupo distinto ao de comercio non especializado; así, son os establecementos destinados ao comercio polo miúdo de bens de segunda man os que destinan, en media, máis superficie á venda, case 197,9 m²; sesenta e oito metros cadrados máis que a media galega para este grupo. Na banda contraria estarían os establecementos do grupo 522, comercio especializado en alimentación, que tan só ocupaban unha superficie media por establecemento de 28,6 m².


A distribución da superficie de venda total segundo o grao de especialización dos establecementos comerciais era: 57,3% destinada a comercio especializado non alimentario, 36,2% para comercio non especializado e tan só 6,6% para o comercio especializado alimentario.



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio



Fonte: IGE. Estrutura do comercio

A comarcas de Vigo, Pontevedra e O Salnés concentran o 70,9% dos establecementos comerciais da provincia de Pontevedra e o 74,9% da súa superficie comercial. Nun nivel inferior, o dos concellos, só no de Vigo están localizados o 39,8% dos establecementos comerciais da provincia.

| NOME COMARCA | NOME CONCELLO | Número establecementos | Densidade comercial | Número establecementos por km ² | Superficie venda por habitante (m ²) | Superficie venda media (m ²) |
|------------------|-------------------------------|------------------------|---------------------|--|--|--|
| ARZUA | Arzúa | 89 | 13,13 | 0,57 | 1,06 | 80,45 |
| | Boimorto | 18 | 7,06 | 0,22 | 0,54 | 76,86 |
| | O Pino | 37 | 7,38 | 0,28 | 0,57 | 77,50 |
| BARBANZA | Touro | 29 | 6,09 | 0,25 | 0,30 | 50,09 |
| | Boiro | 282 | 15,81 | 3,26 | 1,25 | 80,29 |
| | A Pobra do Caramiñal | 148 | 14,79 | 4,57 | 0,84 | 56,93 |
| | Rianxo | 140 | 11,92 | 2,38 | 1,04 | 87,17 |
| | Ribeira | 410 | 15,56 | 5,94 | 1,38 | 88,48 |
| BERGANTINOS | A Baña | 14 | 2,72 | 0,14 | 0,17 | 61,63 |
| | Negreira | 105 | 15,97 | 0,91 | 1,42 | 89,14 |
| | Cabana de Bergantiños | 32 | 5,72 | 0,32 | 0,33 | 57,69 |
| | Carballo | 503 | 17,63 | 2,69 | 1,48 | 83,78 |
| | Coristanco | 46 | 5,75 | 0,33 | 0,55 | 94,90 |
| | Laxe | 38 | 10,68 | 1,03 | 0,85 | 79,70 |
| | A Laracha | 118 | 11,05 | 0,94 | 1,02 | 91,98 |
| BETANZOS | Malpica | 105 | 14,85 | 1,71 | 0,72 | 48,78 |
| | Ponteceso | 102 | 14,53 | 1,11 | 0,96 | 65,79 |
| | Aranga | 8 | 3,36 | 0,07 | 0,19 | 56,37 |
| | Betanzos | 298 | 23,70 | 12,31 | 1,82 | 76,76 |
| | Cesuras | 10 | 3,91 | 0,13 | 0,16 | 41,81 |
| | Coirós | 1 | 0,63 | 0,03 | x | x |
| | Curtis | 84 | 18,87 | 0,72 | 1,58 | 83,65 |
| | Irixoa | 7 | 4,18 | 0,10 | 0,22 | 52,17 |
| A CORUNA | Miño | 40 | 7,93 | 1,21 | 0,68 | 86,27 |
| | Oza dos Ríos | 16 | 5,06 | 0,22 | 0,34 | 67,28 |
| | Paderne | 17 | 6,18 | 0,43 | 0,55 | 89,02 |
| | Vilasantar | 11 | 6,78 | 0,19 | 0,39 | 56,87 |
| | Vilagralaf | 7 | 5,04 | 0,23 | x | x |
| | Abegondo | 27 | 4,68 | 0,32 | 0,39 | 83,68 |
| | Arteixo | 207 | 8,79 | 2,22 | 1,01 | 115,22 |
| | Bergondo | 46 | 7,34 | 1,41 | 0,96 | 130,43 |
| | Cambre | 180 | 9,23 | 4,42 | 0,88 | 95,67 |
| | Carral | 49 | 9,26 | 1,02 | 0,61 | 66,22 |
| EUME | A Coruña | 4.789 | 19,75 | 127,37 | 1,81 | 91,53 |
| | Culleredo | 221 | 9,72 | 3,55 | 0,81 | 83,72 |
| | Oleiros | 216 | 7,87 | 4,93 | 1,01 | 128,90 |
| | Sada | 162 | 13,86 | 5,91 | 1,08 | 77,99 |
| | Cabanas | 17 | 5,10 | 0,56 | 0,34 | 66,49 |
| | A Capela | 15 | 9,78 | 0,26 | 0,57 | 58,58 |
| | Monfiro | 9 | 3,47 | 0,05 | 0,53 | 153,58 |
| FERROL | Ponteume | 140 | 15,80 | 4,78 | 0,97 | 81,37 |
| | As Pontes de García Rodríguez | 183 | 14,80 | 0,73 | 1,15 | 77,78 |
| | Ares | 56 | 11,25 | 3,06 | 0,63 | 55,83 |
| | Cedeira | 101 | 13,34 | 1,18 | 1,13 | 84,91 |
| | Fene | 158 | 10,79 | 6,01 | 1,11 | 103,17 |
| FISTERRA | Ferrol | 1.386 | 17,43 | 16,78 | 1,46 | 83,99 |
| | Moeche | 11 | 7,38 | 0,23 | 0,64 | 87,19 |
| | Mugarodos | 62 | 10,58 | 4,84 | 0,54 | 51,22 |
| | Narón | 334 | 11,41 | 4,99 | 1,19 | 104,46 |
| | Neda | 50 | 8,23 | 2,10 | 0,50 | 60,44 |
| | San Sadurniño | 18 | 5,39 | 0,18 | 0,25 | 46,06 |
| | As Somozas | 6 | 4,28 | 0,08 | 0,15 | 34,52 |
| | Valeioviño | 51 | 7,46 | 0,58 | 1,07 | 143,42 |
| | Cee | 169 | 23,35 | 2,94 | 2,22 | 95,17 |
| | Corcubión | 14 | 6,99 | 2,15 | 0,47 | 67,48 |
| MUROS | Dumbria | 18 | 4,07 | 0,14 | 0,33 | 81,04 |
| | Fisterra | 64 | 12,47 | 2,18 | 0,80 | 63,91 |
| | Muxía | 42 | 6,88 | 0,35 | 0,46 | 66,13 |
| | Carnota | 62 | 11,25 | 0,87 | 0,74 | 66,07 |
| | Muros | 146 | 14,21 | 2,00 | 1,07 | 75,28 |
| NOIA | Lousame | 7 | 1,73 | 0,07 | 0,10 | 55,16 |
| | Noia | 319 | 22,17 | 8,58 | 1,65 | 74,47 |
| | Outes | 64 | 7,62 | 0,64 | 0,48 | 62,85 |
| | Ponte do Son | 101 | 10,01 | 1,07 | 0,64 | 63,49 |
| | Carceda | 53 | 9,55 | 0,46 | 0,84 | 87,48 |
| ORDES | Frades | 18 | 5,96 | 0,22 | 0,35 | 58,96 |
| | Mesía | 19 | 5,75 | 0,18 | 0,29 | 49,91 |
| | Ordes | 180 | 14,98 | 1,14 | 1,59 | 106,02 |
| | Oroso | 60 | 10,62 | 0,83 | 1,39 | 130,99 |
| | Tordoia | 24 | 4,85 | 0,19 | 0,31 | 63,84 |
| | Trazo | 19 | 5,05 | 0,19 | 0,53 | 105,38 |
| | Cardido | 8 | 4,94 | 0,15 | 0,37 | 74,39 |
| ORTEGAL | Mañón | 15 | 7,90 | 0,18 | 0,52 | 66,28 |
| | Ortigueira | 105 | 12,65 | 0,50 | 0,82 | 65,08 |
| | Caríño | 66 | 13,58 | 1,41 | 0,65 | 47,69 |
| | Ames | 224 | 11,92 | 2,80 | 1,22 | 102,44 |
| | Boqueixón | 37 | 8,68 | 0,51 | 0,85 | 98,15 |
| SANTIAGO | Brión | 17 | 2,64 | 0,23 | 0,27 | 100,87 |
| | Santiago de Compostela | 2.039 | 21,86 | 9,24 | 2,49 | 113,82 |
| | Teo | 101 | 6,59 | 1,27 | 0,55 | 83,78 |
| | Val do Dubra | 54 | 11,25 | 0,50 | 0,88 | 77,90 |
| | Vedra | 32 | 6,33 | 0,61 | 0,56 | 88,07 |
| | Dodro | 17 | 5,29 | 0,47 | 1,28 | 242,84 |
| O SAR | Padrón | 183 | 19,80 | 3,78 | 1,16 | 58,78 |
| | Rois | 35 | 6,83 | 0,38 | 0,49 | 71,95 |
| | Melide | 153 | 18,25 | 1,51 | 1,39 | 75,89 |
| TERRA DE MELIDE | Santiso | 6 | 2,62 | 0,09 | x | x |
| | Sabrado | 16 | 7,40 | 0,15 | 0,60 | 81,42 |
| | Toques | 2 | 1,27 | 0,03 | x | x |
| | Camarifas | 103 | 15,56 | 1,98 | 1,09 | 69,82 |
| TERRA DE SONEIRA | Virianzo | 117 | 13,47 | 0,62 | 1,24 | 92,31 |
| | Zas | 94 | 15,46 | 0,71 | 1,19 | 76,79 |
| | Mazaricos | 40 | 6,72 | 0,21 | 0,70 | 104,20 |
| XALLAS | Santa Comba | 140 | 12,85 | 0,69 | 1,15 | 89,57 |
| | Provincia A Coruña | 16.194 | 14,56 | 2,04 | 1,31 | 90,06 |

| NOME COMARCA | NOME CONCELLO | Número establecementos | Densidade comercial | Numero establecementos por km ² | Superficie venda por habitante (m ²) | Superficie venda media (m ²) |
|-----------------------|----------------------|------------------------|---------------------|--|--|--|
| OS ANCARES | Becerrá | 42 | 11,89 | 0,24 | 0,90 | 75,72 |
| | Cervantes | 7 | 3,28 | 0,03 | 0,09 | 28,27 |
| | Navia de Suarna | 17 | 9,10 | 0,07 | 0,61 | 66,57 |
| | As Nogais | 14 | 9,05 | 0,13 | 0,38 | 41,67 |
| | Pedrafía do Cebreiro | 18 | 11,52 | 0,17 | 1,23 | 106,42 |
| CHANTADA | Baralla | 32 | 9,76 | 0,23 | 0,77 | 79,22 |
| | Carballedo | 21 | 6,73 | 0,15 | 0,53 | 79,25 |
| | Chantada | 154 | 15,88 | 0,87 | 1,15 | 72,71 |
| A FONSAGRADA | Taboada | 49 | 12,02 | 0,33 | 0,88 | 72,82 |
| | Baleira | 12 | 6,50 | 0,07 | 0,32 | 48,55 |
| | A Fonsagrada | 56 | 10,88 | 0,13 | 0,82 | 75,78 |
| LUGO | Negueira de Muñiz | 0 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Castroverde | 27 | 7,90 | 0,15 | 0,44 | 56,01 |
| | O Corgo | 30 | 7,10 | 0,19 | 1,63 | 229,59 |
| | Friol | 32 | 6,77 | 0,11 | 0,61 | 89,75 |
| | Guntín | 18 | 5,21 | 0,12 | 0,55 | 106,40 |
| | Lugo | 1.668 | 19,63 | 5,06 | 1,93 | 103,62 |
| | Outeiro de Rei | 12 | 2,77 | 0,09 | 0,12 | 42,60 |
| | Pontomarín | 19 | 9,34 | 0,17 | 1,02 | 109,63 |
| | Rábade | 35 | 22,11 | 6,73 | 2,01 | 90,90 |
| | A MARINA CENTRAL | Alfoz | 18 | 7,51 | 0,23 | 0,51 |
| Foz | | 139 | 14,46 | 1,39 | 1,37 | 95,03 |
| Lourenzá | | 42 | 15,11 | 0,67 | 2,75 | 182,15 |
| Mondoñedo | | 67 | 13,43 | 0,47 | 0,68 | 50,86 |
| O Valadouro | | 34 | 14,34 | 0,31 | 0,89 | 61,77 |
| A MARINA OCCIDENTAL | Burela | 207 | 25,32 | 28,36 | 2,22 | 87,62 |
| | Cervo | 45 | 8,97 | 0,57 | 0,77 | 85,94 |
| | Xove | 19 | 5,24 | 0,21 | 0,63 | 120,32 |
| | Ourense | 6 | 4,10 | 0,04 | 0,29 | 70,29 |
| | O Vicedo | 19 | 8,25 | 0,25 | 0,65 | 78,64 |
| A MARINA ORIENTAL | Viveiro | 294 | 19,04 | 2,69 | 1,37 | 72,17 |
| | Barreiros | 36 | 10,72 | 0,50 | 1,06 | 99,23 |
| | A Pontenova | 43 | 13,19 | 0,32 | 0,95 | 72,30 |
| MEIRA | Ribadeo | 183 | 19,97 | 1,68 | 2,15 | 107,66 |
| | Trabada | 8 | 4,95 | 0,10 | 0,18 | 36,58 |
| | Meira | 43 | 23,68 | 0,92 | 2,34 | 98,97 |
| | Pol | 11 | 5,31 | 0,09 | 0,26 | 49,65 |
| QUIROGA | Ribeira de Piñón | 3 | 3,56 | 0,04 | 0,11 | 31,44 |
| | Riotorto | 11 | 6,01 | 0,17 | 0,39 | 64,81 |
| | Folgoso do Courel | 6 | 3,97 | 0,03 | 0,94 | 237,33 |
| | Quiroga | 54 | 12,63 | 0,17 | 0,92 | 71,67 |
| SARRIA | Ribas de Sil | 20 | 14,22 | 0,29 | 0,92 | 64,57 |
| | O Incio | 18 | 7,33 | 0,12 | 0,37 | 49,87 |
| | Láncara | 32 | 9,89 | 0,26 | 1,76 | 178,03 |
| | Paradela | 15 | 5,88 | 0,12 | 0,57 | 97,20 |
| | O Páramo | 4 | 2,08 | 0,05 | 0,11 | 51,58 |
| | Samos | 14 | 6,75 | 0,10 | 0,33 | 48,23 |
| | Sarria | 255 | 19,54 | 1,38 | 2,24 | 114,49 |
| TERRA CHA | Triacastela | 7 | 7,94 | 0,14 | 0,57 | 72,00 |
| | Abadín | 17 | 5,09 | 0,09 | 0,35 | 68,04 |
| | Begonte | 15 | 4,00 | 0,12 | 0,19 | 48,21 |
| | Castro de Rei | 53 | 8,88 | 0,30 | 0,72 | 80,87 |
| | Cospello | 58 | 10,16 | 0,40 | 1,00 | 98,40 |
| | Xermade | 11 | 4,24 | 0,07 | 0,23 | 54,97 |
| | Guitiriz | 60 | 9,60 | 0,20 | 0,63 | 65,46 |
| | Muras | 3 | 2,81 | 0,02 | 0,16 | 55,52 |
| | A Pastoriza | 28 | 7,04 | 0,16 | 0,81 | 114,49 |
| | Vilalba | 209 | 13,47 | 0,55 | 1,33 | 98,92 |
| | TERRA DE LEMOS | Bóveda | 22 | 11,14 | 0,24 | 0,98 |
| Monforte de Lemos | | 394 | 19,88 | 1,97 | 1,73 | 87,02 |
| Pantón | | 17 | 5,03 | 0,12 | 0,32 | 64,25 |
| A Pobra do Brollón | | 24 | 9,33 | 0,14 | 0,65 | 69,44 |
| O Saviñao | | 60 | 12,00 | 0,31 | 0,81 | 67,48 |
| Sober | | 30 | 9,97 | 0,23 | 0,94 | 84,63 |
| A ULLOA | Antas de Ulla | 25 | 9,19 | 0,24 | 0,72 | 77,96 |
| | Monterroso | 75 | 17,63 | 0,65 | 1,20 | 67,98 |
| | Palas de Rei | 39 | 9,43 | 0,20 | 0,81 | 85,66 |
| Provincia Lugo | | 5.056 | 13,98 | 0,51 | 1,30 | 93,26 |

| NOME COMARCA | NOME CONCELLO | Número establecementos | Densidade comercial | Numero establecementos por km ² | Superficie venda por habitante (m ²) | Superficie venda media (m ²) |
|-------------------|--------------------------|------------------------|---------------------|--|--|--|
| ALLARIZ-MACEDA | Allariz | 69 | 13,40 | 0,80 | 0,68 | 50,42 |
| | Baños de Molgas | 18 | 8,34 | 0,27 | 0,31 | 37,68 |
| | Xunqueira de Ambía | 12 | 5,91 | 0,20 | 0,32 | 53,71 |
| | Xunqueira de Espadanedo | 5 | 4,60 | 0,18 | 0,09 | 19,64 |
| | Maceda | 46 | 13,75 | 0,45 | 0,95 | 69,98 |
| BAIXA LIMIA | Paderne de Allariz | 6 | 3,58 | 0,15 | 0,07 | 20,87 |
| | Bande | 32 | 13,09 | 0,32 | 0,87 | 66,65 |
| | Entrimo | 13 | 9,13 | 0,15 | 0,81 | 88,86 |
| | Lobeira | 4 | 3,21 | 0,06 | 0,22 | 68,67 |
| | Lobios | 16 | 5,99 | 0,10 | 0,24 | 40,84 |
| O CARBALLINO | Muiños | 9 | 4,47 | 0,08 | 0,29 | 64,33 |
| | Beariz | 11 | 7,32 | 0,20 | 0,37 | 50,84 |
| | Boborás | 11 | 3,30 | 0,13 | 0,16 | 48,57 |
| | O Carballiño | 260 | 20,42 | 4,78 | 1,35 | 65,91 |
| | O Irixo | 13 | 6,09 | 0,11 | 0,37 | 60,20 |
| | Maside | 35 | 10,92 | 0,88 | 2,14 | 196,33 |
| | Piñor | 12 | 7,69 | 0,23 | 0,34 | 44,47 |
| A LIMIA | Punxín | 3 | 3,08 | 0,18 | x | x |
| | San Amaro | 5 | 3,42 | 0,17 | x | x |
| | San Cristovo de Cea | 32 | 10,18 | 0,34 | 0,41 | 40,77 |
| | Baltar | 14 | 11,33 | 0,15 | 0,42 | 37,45 |
| | Os Blancos | 5 | 4,12 | 0,11 | x | x |
| | Calvos de Randín | 11 | 8,83 | 0,11 | 0,27 | 30,96 |
| | Xinzo de Limia | 228 | 23,17 | 1,72 | 2,33 | 100,45 |
| | Porqueira | 1 | 0,86 | 0,02 | x | x |
| | Rairiz de Veiga | 11 | 6,00 | 0,15 | 0,32 | 53,83 |
| | Sandiás | 9 | 5,41 | 0,17 | 0,17 | 32,15 |
| OURENSE | Sarreaus | 6 | 3,20 | 0,08 | 0,19 | 58,30 |
| | Trasmiras | 6 | 3,19 | 0,11 | 0,16 | 49,04 |
| | Vilar de Barrio | 13 | 6,43 | 0,12 | 0,39 | 61,28 |
| | Vilar de Santos | 4 | 4,00 | 0,19 | 0,30 | 75,75 |
| | Amoeiro | 16 | 6,87 | 0,40 | 0,33 | 48,42 |
| | Barbadás | 68 | 9,84 | 2,25 | 4,49 | 456,24 |
| | Coles | 20 | 6,24 | 0,52 | 2,56 | 410,88 |
| | Esgos | 6 | 4,60 | 0,16 | 0,55 | 120,08 |
| | Nogueira de Ramuín | 16 | 6,24 | 0,16 | 0,36 | 57,35 |
| | Ourense | 2.217 | 20,34 | 26,24 | 1,61 | 78,99 |
| O RIBEIRO | Pereiro de Aguiar | 13 | 2,44 | 0,21 | 0,07 | 27,26 |
| | A Perxa | 19 | 7,42 | 0,35 | 0,57 | 76,90 |
| | San Oibras das Viñas | 32 | 8,67 | 0,81 | 1,71 | 196,93 |
| | Taboadela | 7 | 4,01 | 0,28 | 0,65 | 161,68 |
| | Toén | 8 | 3,10 | 0,14 | 0,17 | 53,31 |
| | Vilamarín | 14 | 6,21 | 0,25 | 1,29 | 207,22 |
| | A Arnoia | 5 | 3,98 | 0,24 | 0,16 | 40,98 |
| | Avión | 8 | 2,83 | 0,07 | 0,11 | 38,76 |
| | Bede | 8 | 13,18 | 1,25 | 1,28 | 97,31 |
| | Carballada de Avia | 12 | 7,50 | 0,26 | 0,60 | 80,13 |
| TERRA DE CALDELAS | Castrelo de Miño | 12 | 5,73 | 0,30 | 0,26 | 45,76 |
| | Cenlle | 9 | 5,48 | 0,31 | 0,15 | 27,00 |
| | Cortegada | 15 | 10,22 | 0,56 | 0,89 | 86,83 |
| | Leiro | 17 | 8,48 | 0,44 | 0,37 | 43,34 |
| | Meilón | 10 | 6,52 | 0,19 | 0,17 | 25,56 |
| | Ribadavia | 138 | 25,34 | 5,48 | 1,41 | 55,49 |
| | Castro Caldelas | 29 | 15,30 | 0,33 | 1,28 | 83,87 |
| | Montederramo | 4 | 3,28 | 0,03 | 0,20 | 60,75 |
| | Parada de Sil | 4 | 4,66 | 0,06 | 0,12 | 25,81 |
| | A Teixeira | 3 | 5,27 | 0,11 | 0,12 | 22,96 |
| TERRA DE CELANOVA | A Bola | 4 | 2,59 | 0,11 | x | x |
| | Cartelle | 20 | 5,30 | 0,21 | 0,34 | 64,44 |
| | Celanova | 125 | 20,79 | 1,86 | 1,28 | 61,45 |
| | Gomesende | 11 | 9,67 | 0,39 | 0,50 | 51,95 |
| | A Merca | 8 | 3,33 | 0,16 | 0,28 | 82,86 |
| | Padrenda | 25 | 9,51 | 0,44 | 0,44 | 46,13 |
| | Pontevedra | 9 | 13,16 | 0,91 | 0,52 | 39,19 |
| | Quintela de Leirado | 7 | 7,72 | 0,22 | 0,49 | 64,13 |
| | Ramirás | 9 | 4,33 | 0,22 | 0,19 | 43,89 |
| | Verea | 2 | 1,38 | 0,02 | x | x |
| TERRA DE TRIVES | Chandrea de Oueixa | 4 | 4,62 | 0,02 | x | x |
| | Manzaneda | 9 | 7,48 | 0,08 | 0,69 | 92,22 |
| | A Pobra de Trives | 46 | 16,39 | 0,55 | 0,88 | 53,94 |
| | San Xoán de Río | 5 | 5,27 | 0,08 | x | x |
| VALDEORRAS | O Barco de Valdeorras | 269 | 20,23 | 3,14 | 1,60 | 79,29 |
| | O Bolo | 13 | 9,67 | 0,14 | 0,31 | 32,41 |
| | Carballada de Valdeorras | 17 | 7,69 | 0,08 | 0,68 | 88,44 |
| | Larouco | 6 | 10,27 | 0,25 | 0,31 | 30,48 |
| | Padín | 6 | 5,33 | 0,20 | 0,15 | 27,50 |
| | A Rúa | 105 | 20,43 | 2,92 | 1,59 | 77,68 |
| | Rubiá | 9 | 5,09 | 0,09 | 0,32 | 62,90 |
| | A Veiga | 11 | 7,93 | 0,04 | 0,31 | 38,59 |
| | Vilamarín de Valdeorras | 17 | 6,89 | 0,19 | 0,26 | 37,34 |
| | Castrelo do Val | 4 | 3,08 | 0,03 | 0,06 | 20,56 |
| VERIN | Cualedro | 14 | 5,82 | 0,12 | 0,28 | 48,82 |
| | Laza | 8 | 4,15 | 0,04 | 0,24 | 56,94 |
| | Monterrei | 16 | 4,76 | 0,13 | 1,31 | 275,86 |
| | Oimbra | 7 | 3,47 | 0,10 | 0,12 | 33,56 |
| | Riós | 18 | 8,44 | 0,16 | 0,39 | 46,91 |
| | Verín | 307 | 22,78 | 3,26 | 1,94 | 85,37 |
| | Viladeviés | 12 | 4,25 | 0,08 | 0,17 | 40,43 |
| | A Gudiña | 23 | 13,88 | 0,13 | 0,96 | 69,07 |
| | A Mezquita | 16 | 10,60 | 0,15 | 0,61 | 57,80 |
| | Viana do Bolo | 65 | 16,99 | 0,24 | 1,12 | 65,95 |
| Provincia Ourense | Vilariño de Conso | 8 | 10,03 | 0,04 | 0,43 | 42,61 |
| | | 4.865 | 14,15 | 0,67 | 1,17 | 82,98 |

| NOME COMARCA | NOME CONCELLO | Número establecementos | Densidade comercial | Numero establecementos por km ² | Superficie venda por habitante (m ²) | Superficie venda media (m ²) |
|-----------------------------|---------------------|------------------------|---------------------|--|--|--|
| O BAIXO MINO | A Guarda | 207 | 20,63 | 10,10 | 1,66 | 80,64 |
| | Oia | 27 | 9,29 | 0,32 | 0,65 | 70,31 |
| | O Rosal | 66 | 11,12 | 1,50 | 0,60 | 53,89 |
| | Tomiño | 118 | 10,41 | 1,11 | 0,74 | 70,78 |
| | Tui | 293 | 18,06 | 4,29 | 1,59 | 88,07 |
| CALDAS | Caldas de Reis | 156 | 16,73 | 2,32 | 1,61 | 95,96 |
| | Caloira | 32 | 9,09 | 1,09 | 0,53 | 58,82 |
| | Cuntis | 61 | 10,95 | 0,76 | 0,84 | 76,95 |
| | Moraña | 42 | 9,79 | 1,02 | 0,62 | 63,06 |
| | Portas | 17 | 5,28 | 0,75 | 0,47 | 89,53 |
| | Ponteceures | 81 | 26,77 | 12,09 | 2,54 | 94,99 |
| | Valga | 35 | 5,67 | 0,86 | 0,26 | 46,69 |
| O CONDADO | Mondariz | 48 | 8,94 | 0,56 | 0,39 | 44,10 |
| | Mondariz-Balneario | 5 | 7,60 | 2,17 | 0,20 | 26,24 |
| | As Neves | 39 | 8,31 | 0,60 | 0,55 | 65,70 |
| | Ponteareas | 291 | 14,94 | 2,32 | 1,44 | 96,06 |
| | Salvaterra de Miño | 92 | 11,17 | 1,47 | 0,77 | 68,74 |
| DEZA | Dozón | 6 | 3,82 | 0,11 | 0,65 | 170,39 |
| | Agolada | 28 | 6,80 | 0,19 | 0,46 | 68,34 |
| | Lalín | 324 | 15,84 | 0,99 | 1,29 | 81,65 |
| | Rodeiro | 32 | 7,55 | 0,21 | 0,70 | 92,38 |
| | Silleda | 133 | 14,62 | 0,79 | 1,28 | 87,70 |
| O MORRAZO | Vila de Cruces | 75 | 10,71 | 0,48 | 0,71 | 65,92 |
| | Bueu | 206 | 16,52 | 6,69 | 1,12 | 67,59 |
| | Cangas | 400 | 16,57 | 10,50 | 0,96 | 58,24 |
| | Marín | 357 | 14,02 | 9,73 | 0,88 | 62,66 |
| | Moaña | 225 | 12,45 | 6,41 | 0,75 | 60,55 |
| A PARADANTA | Arbo | 42 | 10,06 | 0,98 | 0,45 | 44,25 |
| | A Cañiza | 78 | 11,27 | 0,73 | 0,76 | 67,29 |
| | Covelo | 18 | 4,56 | 0,14 | 0,18 | 38,83 |
| | Crecente | 15 | 5,32 | 0,26 | 0,29 | 53,76 |
| PONTEVEDRA | Barro | 25 | 7,26 | 0,66 | 1,03 | 142,05 |
| | Campo Lameiro | 14 | 6,21 | 0,22 | 0,31 | 50,01 |
| | Cotobade | 24 | 5,18 | 0,18 | 0,41 | 78,28 |
| | A Lama | 17 | 5,90 | 0,15 | 0,41 | 69,51 |
| | Pontevedra | 1.523 | 19,83 | 12,87 | 1,67 | 84,24 |
| | Poio | 133 | 9,24 | 3,92 | 0,86 | 93,61 |
| | Ponte Caldelas | 70 | 11,13 | 0,80 | 0,98 | 88,22 |
| | Vilaboa | 37 | 6,43 | 1,00 | 1,37 | 212,86 |
| O SALINES | Cambados | 233 | 17,34 | 9,96 | 1,32 | 76,21 |
| | O Grove | 228 | 20,59 | 10,41 | 1,37 | 66,61 |
| | Meaño | 50 | 9,29 | 1,80 | 0,86 | 92,68 |
| | Meis | 39 | 7,79 | 0,74 | 0,65 | 83,29 |
| | Ribadumia | 40 | 9,56 | 2,03 | 1,53 | 159,58 |
| | Sanxenxo | 309 | 19,05 | 6,85 | 1,15 | 60,20 |
| | Vilagarza de Arousa | 665 | 19,61 | 15,05 | 1,69 | 85,94 |
| | Vilanova de Arousa | 104 | 10,02 | 3,09 | 0,74 | 73,76 |
| | A Illa de Arousa | 55 | 11,26 | 7,86 | 0,65 | 57,67 |
| TABEIROS-TERRA DE MONTES | Cerdado | 15 | 6,16 | 0,19 | 0,44 | 71,54 |
| | A Estrada | 324 | 14,64 | 1,15 | 1,14 | 77,76 |
| | Forcarei | 47 | 9,79 | 0,28 | 0,60 | 61,66 |
| VIGO | Balona | 188 | 17,07 | 5,45 | 1,10 | 64,72 |
| | Fornelos de Montes | 10 | 4,59 | 0,12 | 0,22 | 49,89 |
| | Gondomar | 134 | 11,30 | 1,80 | 0,86 | 76,45 |
| | Mos | 112 | 7,98 | 2,11 | 0,78 | 98,19 |
| | Nigrán | 173 | 10,37 | 4,97 | 0,66 | 63,96 |
| | Pazos de Borbén | 16 | 5,21 | 0,32 | 0,24 | 46,49 |
| | O Porriño | 276 | 16,99 | 4,51 | 1,45 | 85,18 |
| | Redondela | 339 | 11,67 | 6,51 | 0,83 | 71,10 |
| | Salceda de Caselas | 99 | 15,13 | 2,76 | 1,13 | 74,96 |
| | Soutomaior | 89 | 16,14 | 3,56 | 1,61 | 99,49 |
| | Vigo | 4.605 | 15,97 | 42,21 | 1,60 | 100,15 |
| Provincia Pontevedra | | 13.546 | 14,72 | 3,01 | 1,26 | 85,46 |

As definicións dos conceptos utilizados pódense ver na metodoloxía da operación incluída na páxina web.

Máis información na nosa páxina web: <http://www.ige.xunta.es>

Teléfono de información: 981.54.15.89

FAX: 981.54.13.23

e-mail: ige@xunta.es

Dirección postal:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

